



SÍNTESE DO PROXECTO EDUCATIVO DO CEIP A MAÍA

- O CEIP A Maía é un dos centros públicos do concello de Ames, as rúas da súa área de influencia son as seguintes:

Acacias	O Bosque
Agríña	Paraxe do Porto
A Mina	Pedregal
Avda. Mahía	Poeta da Mahía
Avda. da Peregrina	Praza da Mahía
Camiño Novo	Pza de Chavián
Castrigo	Rosaleda
J. L. Azcárraga	Rueiro
Lodeiro	Travesía Peregrina
O Casaliño	Travesía Pedregal
Xesteira	Telleira
Fieira	Fragua
Cantalarrana	Travesía de Fontaldeiro
Carballido	Seixabre
Praza de Horta de Abaixo	Praza de Horta de Arriba





- O horario lectivo é en sesión única de mañá para todo o alumnado de infantil e primaria de 9:05h a 14:05h.
- É o 3º centro máis grande da provincia de A Coruña. Está catalogado como liña tres, funcionando con 3 cursos por nivel, dende 4º de educación infantil ata 6º de educación primaria, cun total de 27 aulas.
- É un centro aconfesional. A posición de todo o persoal do centro é de absoluto respecto ás crenzas de cada persoa.
- Ideoloxicamente é pluralista, sobre todo, nos aspectos políticos e relixiosos. Facilitámoslle aos pais/nais e alumnado información obxectiva, coa finalidade de que progresivamente poidan formar os seus propios criterios e tomar decisións responsables.
- En relación á lingua de aprendizaxe en educación infantil o profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado e terán en conta a lingua do contorno. Faise así mesmo unha aproximación a unha lingua estranxeira en situacións habituais de comunicación.
- Formulamos os obxectivos centrándonos nos ámbitos: educativo, curricular, a transversalidade, a atención á diversidade e a convivencia.
- Priorizamos como obxectivo o sistema de valores.
- Impulsamos as novas tecnoloxías poñendo en práctica o Plan TIC no que se inclúe o Proxecto Abalar, que durante este curso se está desenvolvendo nas aulas de 5º e 6º de educación primaria.
- Todas as aulas están dotadas con pizarra dixital, canón de proxección e conexión a internet.
- A coeducación neste centro supón entre outros compromisos, orientar a actividade cara unha educación para a igualdade entre sexos. O noso proxecto educativo tende a evitar calquera tipo de discriminación por razón de sexo entre o alumnado, tanto na convivencia como nas actividades programadas e mesmo entre o profesorado e demais persoal.



- O modelo de xestión desenvólvese no marco de participación, autonomía e goberno dos centros establecido pola Lei.
- Valoramos o traballo en equipo e por tanto levamos a cabo proxectos consensuados, estando sempre abertos á crítica constructiva que serve de reflexión para mellorar e contribúe ao enriquecemento do Centro. Nesta colaboración estamos implicados Centro, ANPA, Concello e outros centros do concello.
- Ofrecemos os seguintes servizos:
 - Transporte escolar funcionando seis autobuses coas rutas respectivas.
 - Servizo de Comedor Escolar xestionado polo Concello.
 - Servizo de Bos Días Cole a partir das 7,30h da mañá e Tardes Divertidas despois do comedor, ámbalas dúas xestionadas polo Concello.
 - Servizo de Biblioteca Escolar ofertado polo Centro todas as tardes de 16:30h a 18:30h.
 - Actividades Extraescolares organizadas pola ANPA.

PARA MÁIS INFORMACIÓN PÓDESE CONSULTAR O P.E.C. COMPLETO EN SECRETARÍA